

OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

"ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA NA VILA DE PORTONOV DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2016"

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE XESTIÓN INTERESADA, DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE PORTONOV 2016.

1.- OBXECTO DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO: O obxecto da presente licitación é a prestación da xestión do servizo público da **"ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA NA VILA DE PORTONOV DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2016"**, que se desenrolará **na Rúa Rafael Picó - (Zona Anexa A ZV-23 B*)**, en zona pertencente ao dominio público marítimo terrestre.

O espazo reservado para o desenrolo da feira comprende 827 m², que serán ocupados coa instalación de casetas, adicadas única e exclusivamente á venta de produtos de artesanía, de conformidade coa definición desta actividade na Lei 1/1992, de 11 de marzo, de artesanía de Galicia, e ao establecido na lei 13/2010, do Comecio Interior de Galicia, que considera como tales actividades a artesanal de creación, producción, transformación, reparación e restauración de bens artísticos, artesanáns e de consumo, incluído alimentarios; ou formar parte de consellos reguladores ou axentes adscritos a unha denominación de orixe.

As instalacións deberán ter as condicións e características mínimas que se establecen na Memoria Técnica, Anexo deste prego administrativo, e á oferta presentada polo contratista.

Corresponde ao presente contrato a codificación CPV da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) 799956000-0 Servizos de organización de feiras e exposicións.

O servicio público obxecto do presente contrato se encadra nas competencias propias municipais de feiras e comercio ambulante (artigo 25.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, en adiante LRBRL), así como de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, concretamente, da promoción dos seus recursos turísticos e festas de especial interese (artigo 25.2.h) da LRBRL). A prestación do devandito servizo foi encomendada polo Concello de Sanxenxo á sociedade municipal **Ínsula**

Sanxenxo, S.L. (en adiante, **Ínsula**), ente contratante.

O contrato definido ten a calificación de contrato privado, segundo establece o artigo 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante, TRLCSP), por canto a entidade concedente ten a condición de poder adxudicador que non reúne a condición de Administración Pública.

Considerando o seu obxecto, o contrato privado proxectado é un contrato mixto, que comprende prestacións propias do contrato de mandato e do arrendamento de servizos.

Nembargantes a súa natureza de contrato privado, no tocante á súa preparación e adxudicación rexirase polo TRLCSP, polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado. Concretamente, resultan de aplicación as normas relativas á preparación e adxudicación dos contratos de xestión de servizo público mediante xestión interesada.

En canto aos seus efectos, cumprimento e extinción do contrato, se regularán polo presente Prego e polas normas do dereito privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do contrato de conformidade co disposto no artigo 21.2 do TRLCSP.

Ademais do presente prego e sen prexuízo das obligacións adicionais asumidas polo adxudicatario ao formular a súa proposición, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- A Memoria Técnica, Anexo deste prego administrativo.
- O documento no que se formalice o contrato.
- A oferta aceptada polo órgano de contratación.

2.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO, PREZO DO CONTRATO, A SÚA REVISIÓN E FORMA DE PAGAMENTO DO MESMO:

- a) O valor parcial estimado do contrato é de 160.000,00 euros. O IVE é de 33.600,00 euros, e o valor parcial estimado do contrato, incluido o IVE ascende a 193.600,00 euros. O adxudicatario deberá entregar ó ente contratante unha cantidade mínima de 160.000,00 euros (sen IVE). O seu incremento será valorado nos aspectos sobre os que se desenvolverá a negociación.
- b) Por razón da natureza do contrato existe un componente non predefinido do prezo, que se deberá fixar definitivamente na fase de negociación, en base aos parámetros seguintes:

- a. Hallarase o diferencial entre o importe global de facturación, segundo datos constatados da conta de explotación e a cantidade ofertada, reflectida no anterior apartado a) (parte fixa ou predefinida do prezo).
- b. Se o diferencial é positivo, se lle restarán os costes de execución da actividade, que sexan constatados, demostrables, cuantificables e verificables. Esta cifra será minorada na cantidade do apartado 1, sempre que esta sexa positiva.
- c. Se a cantidade resultante do cálculo anterior é positiva, se deducirá unha marxe de beneficio adicional, que poderá oscilar entre un mínimo de un 6% e un máximo dun 15%; porcentaxe que será fixada na comisión negociadora, de forma xustificada e tomando como referencia as estruturas de costes de cada unha das empresas licitadoras. No caso de que neste cálculo, nos proceda hallar este porcentual, dado que as cantidades reflectidas no apartado anterior resultan ser negativas, o beneficio entenderase implícito na propia oferta do interesado ao seu risco e ventura.
- d. O suposto reflectido no apartado c, (cantidade positiva) será considerada como o prezo adicional a satisfacer ao ente público adxudicador. A este respecto o importe resultante da comisión negociadora, deberase garantizar mediante calqueira dos medios contidos no TRLCSP (aval bancario, certificado de seguro de crédito e caución, metálico...). Esta garantía irase liberando a medida que se efectúen os ingresos ao ente público adxudicador.

Non procede a revisión de prezos, dado o reducido prazo de duración do contrato.

O pagamento realizarase en dous prazos:

1º) Dentro dos 10 días seguintes hábiles, a contar dende a sinatura do contrato deberá ingresar o 60 % da contía do contrato.

2º) Deberá efectuarse antes do 1 de agosto de 2016 o pagamento do 40 % restante.

Se a sinatura do contrato fose posterior ao 1 de xullo, será descontado o importe resultante e proporcional comprendidos entre a data da sinatura e a data de referencia (1 de xullo), no primeiro ingreso efectuado polo adxudicatario.

Constitúe o prezo do contrato a cantidade que figurará na oferta do contratista, no **SOBRE "B"** da proposición, que deberá axustarse ao modelo do **anexo II**

deste prego e que non poderá ser inferior á que se establece na cláusula 9ª, sen IVE.

3.- FIANZA DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS: Independentemente do prezo do contrato resultante da licitación, o adxudicatario terá que pagar o a fianza que fixe o **Servizo Provincial de Costas de Pontevedra**, que será de 20 euros por m² de ocupación que será depositada na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación de Facenda ou en calqueira das súas sucursais, mediante o correspondente aval bancario, no momento da súa solicitude, ou en calquer caso, antes do inicio das instalación. Esta fianza poderá ser recuperada ao finalizar o evento, previa solicitude de devolución por parte do interesado.

4.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNES DO MESMO: A duración do contrato será dende o 1 de xullo de 2016 ao 31 de agosto de 2016. De xeito excepcional, e por mor das posibles complexidades técnicas que en cada caso requira o desmontaxe das instalación, a data de finalización do contrato poderá ser ampliada, porén, non debe de superar os cinco días hábiles. Unha vez cumprido o referido prazo, cesará a ocupación do dominio público, debendo o adxudicatario deixar o chan de dominio público libre de toda ocupación dentro das 24 horas seguintes á data de remate, e deixando nas mesmas condicións nas que se atopaba antes da instalación das casetas.

Non se prevén circunstancias de modificación específicas da presente contratación, sen prexuízo da aplicación do artigo 107 do TRLCSP cando concurra algunha das circunstancias nel previstas.

5.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgúnha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica - financeira e técnica - profesional.

6.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS: O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos.

7.-PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O contrato adxudicarase mediante procedimento negociado, en aplicación do disposto no art. 170 b) do TRLCSP, toda vez que o precio global do contrato non pode determinarse previamente, como se reflecte na cláusula 2 deste prego; doutra banda, de conformidade co disposto no artigo 172 b) do TRLCSP, pódese recorrer ao procedemento negociado por canto trátase da prestación dun servizo público mediante xestión interesada, cun prezo inferior a **500.000,00 €** e duración inferior a cinco anos.

Ao ser o seu valor estimado superior a **60.000,00 €**, procédese á súa publicación (art.177 e 142 TRLCSP). A trámítacion é ordinaria.

De acordo co disposto no art. 22.2 c) dos Estatutos de Ínsula Sanxenxo SL, o órgano de contratación será o Consello de Administración, que ten atribuída a facultade de outorgar toda clase de actos, contratos e documentos públicos e privados que sexan precisos.

8.-SOLICITUDE DE PROPOSICIÓN, PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓN E LUGAR ONDE PRESENTALAS: De conformidade co disposto no artigo 178 do TRLCSP, o órgano de contratación solicitará a formulación de proposicións para a execución do contrato, como mínimo, a tres persoas físicas ou xurídicas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. A petición realizarase polo ente contratante por escrito, sempre deixando constancia no expediente da recepción das referidas peticóns, admitíndose, a estes efectos, a utilización do fax e medios telemáticos (e-mails). Ademais debe publicarse o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, Ínsula, en virtude do disposto no artigo 142.4. Non obstante, dado que no presente contrato, non se pode determinar previamente o prezo global, en aplicación co sinalado no artigo 142.1. debe publicarse, tamén o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (en diante Concello), dado que aquí se atopa a sede social de Ínsula, das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de **CINCO (5) DÍAS NATURAIS**, a contar dende o día seguinte ao da recepción da solicitude da formulación da proposición. Ou no suposto de non ser invitado, dende o día seguinte a data da publicación do anuncio no BOPPO.

Poderanse presentar, dentro do prazo de citado no parágrafo anterior, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resgarde correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposición.

Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

9.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN: A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional pola parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante.

As propostas constarán de **DOUS (2)** sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de todas proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de "**DECLARACIÓN RESPONSABLE**", incluirase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo I deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato con Ínsula e que, se recae ao seu favor a proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 12^a** deste prego, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

No **SOBRE "B"** e baixo denominación "**OFERTA**" realizarase a proposta de acordo co modelo que se achega no anexo II deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a adxudicación do contrato que figura na cláusula seguinte deste prego, acompañada, se é o caso, da documentación que se describe na citada cláusula.

10.- ASPECTOS SOBRE OS QUE SE DESENVOLVERÁ A NEGOCIACIÓN:

Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala, para que poidan puntuarse:

- **Prezo mais alto.** Expressarase nunha cantidade que non poderá ser inferior á cantidade, **que figura na cláusula 2^a deste prego (160.000,00 €), sen IVE.** Para a determinación da puntuación que no seu caso corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de alza que correspondería a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). A continuación calcularase a porcentaxe de alza de cada unha das ofertas presentadas. As ofertas que igualaran ou superaran a referida porcentaxe de alza terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de alza e a porcentaxe de alza á que corresponda a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do

RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non suban o prezo tipo puntuaran **CERO (0)** por este criterio. No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

11.-APERTURA DOS SOBRES, FASE DE NEGOCIACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS UNHA VEZ REMATADA A FASE DE NEGOCIACIÓN:

- a) A apertura e cualificación da documentación incluída no **SOBRE "A"** as realizará o órgano de contratación. Se o órgano de contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada no **SOBRE "A"** comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación, para que os licitadores corrixe ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo, se ampliará ao día seguinte hábil que non o fose. Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.
- b) O procedemento de adxudicación continuará coa apertura polo órgano de contratación do **SOBRE "B"** dos licitadores que presentaron a documentación esixida no **SOBRE "A"**, levantándose polo secretario acta a tal efecto na que se deixará constancia das características das ofertas dos licitadores, xa sexa mediante a súa descripción escrita ou mediante copia compulsada das ofertas abertas.
- c) Se formará unha Comisión negociadora, na que os seus membros serán nomeados polo Presidente do Consello de Administración de Ínsula, e estará configurada por personal representativo e técnico. Esta Comisión, se fose preciso desenvolverá sucesivas fases de negociación, en aplicación do disposto no TRLCSP. Especialmente esta Comisión verificará os costes da conta de explotación, estimativos e referidos a cada unha das ofertas, co fin de fixar os parámetros non definidos do precio (cláusula 2 do presente prego).
- d) Unha vez realizada a fase de negociación e a verificación dos costes, reflectida no apartado anterior, a Comisión fará unha proposta de atribución de puntuación sobre as ofertas resultantes da fase de negociación conforme ao criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 9^a** deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figura aspecto susceptible de non ser puntuado conforme ao descrito na **cláusula 10^a** deste prego.
- e) Finalmente o órgano de contratación clasificará, pola orde de maior a

menor puntuación as ofertas presentadas conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego.

12.-REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN: O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requerimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador que obteña a maior puntuación.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 8º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporiais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), **será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.**

Os documentos a presentar, que deberán ser orixinais, admitíndose fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quien delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais, son os seguintes.

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Registro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á legislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastanteado polo Secretario Xeral do ente contratante.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo III deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores.

4.-Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Registro Oficial de

Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2 e 3. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no anexo IV deste prego, do licitador na que se manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

5.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE-, Estado e Concello de Sanxenxo, do que depende o ente público adxudicador) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentásese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

6.-Solvencias:

- **Solvencia económica e financeira:** Poderá acreditarse por dúas modalidades, a escoller polo licitador:

- Acreditarase mediante un seguro de indemnización por riscos da actividade vixente no que se inclúan coberturas de responsabilidade civil derivada do exercizo da actividade, como mínimo, ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe equivalente ao triple do prezo certo, sen IVE, (160.000,00 €) que se detalla na cláusula 2ª do PCA, para o que se presentará un certificado expedido polo asegurador no que conste o importe e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, así como achechar o documento de compromiso vinculante da renovación ou prórroga que garanta o mantemento de cobertura durante toda a ejecución do contrato. Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador estiver inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de Galicia.
- Acreditarase mediante o volumen anual de negocios, referido ao ano de maior volumen dentro dos TRES (3) últimos exercizos, por importe igual ou superior á

240.000,00 €/ano sen IVE. A estes efectos o licitador proposto para a adxudicación presentará copia das súas Contas Anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil. Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación dos principais servizos, que incluirá importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, realizados nos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas** desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos **de igual ou similar natureza que os que constituen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación para o CPV 799956000-0 Servizos de organización de feiras e exposicións, durante o ano de maior execución do período citado**, un importe igual ou superior ao **112.000,00 €** (70% do prezo certo do contrato) sen incluir o IVE. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

7.-**Garantía definitiva: Garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación inicial, referente ao prezo certo do contrato, excluído o IVE.**

8.-**Unións temporais de empresarios:** Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal

no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

9.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b) Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

13.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algúnhha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultáneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante se indicará o prazo no que debe procederse a formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DÍAS**.

14.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: Ínsula e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adjudicación, constituindo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

15.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. Ínsula non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estos efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adjudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adjudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumplir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adjudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incorrer. O adjudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adjudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

16.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCIÓN DO CONTRATO: O contratista obrégase a cumplir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento.

Asemade o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle poidese corresponder como consecuencia da execución do contrato

17.-OBRIGAS DO CONTRATISTA: serán as seguintes:

- a) **Respectar o obxecto do contrato e da autorización de Costas,**

cumprindo todas e cada unha das condicións que se sinalan no presente prego e cantas poidan ditarse con posterioridade para mellor funcionamento da explotación, que serán notificadas ao adxudicatario.

- b) Cumprir a normativa vixente propia dos establecementos para os cales se adxudica a explotación **Con carácter específico, o adxudicatario será responsable de que a actividade desenvolvida en tódalas casetas cumpra os requisitos establecidos na Lei 1/1992, de 11 de marzo, de artesanía de Galicia e na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, en relación coa venta ambulante.**
- c) Deberá presentar, no prazo de dez (10) días hábiles seguintes á sinatura do contrato, unha declaración responsable individual de cada un dos vendedores que participen na feira de artesanía, na que se acredite que os productos cos que participa, responden ao referido no punto anterior e se determine a modalidade á que corresponden os productos de venda final.
- d) Todos os participantes, tanto persoas físicas, como xurídicas, deberán estar dadas de alta na Seguridade Social e no epígrafe de actividades económicas que corresponda. A estos efectos o adxudicatario, deberá presentar, no prazo de dez (10) días hábiles seguintes á sinatura do contrato, unha declaración responsable individual de cada un dos vendedores que participen na feira de artesanía, de que se atopan ao corrente nas súa obrigas tributarias (Facenda Pública e Seguridade Social), e que cumplen con todos os requisitos en materia laboral e de actividade económica precisos para exercer dita actividade. No suposto de tendas con establecementos fixos, que participen na feira, deberán, ademais estar dados de alta, no epígrafe de venda ambulante.
- e) **Manter en bo estado a porción de dominio público utilizado**, así como as instalacións, debendo repoñer calqueira elemento dos mesmos que se deteriore ou inutilice polo uso o explotación do servizo. O material a repoñer deberá ser da mesma calidade que o inutilizado ou, se elo non fora posible, o mais similar que se ofreza no mercado.
- f) **Responder dos danos e prexuízos que se poidan causar aos bens públicos utilizados ou que se ocasionen a terceiros.**
- g) Dispoñer de seguro de indemnización por riscos da actividade no que se inclúan coberturas de responsabilidade civil derivada da prestación do servizo, por importe equivalente ao triple do prezo certo do contrato (160.000,00 euros), e durante toda a feira de artesanía, incluidas as datas do inicio da montaxe das

casetas e as de retirada.

- h) O pagamento do prezo certo do contrato, nos prazos sinalados no presente prego **Cláusula 2ª do PCAP**, e da fianza de Costas.
- i) O adxudicatario deberá cumprir as disposicións vixentes en materia tributaria, fiscal, laboral, de Seguridade Social e de Saúde Laboral.
- j) **Prestar colaboración a Ínsula e, no seu caso, ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra** para a realización de inspeccións periódicas das condicións de prestación dos servizos contratados.
- k) Durante o período de duración do contrato o contratista estará obrigado a montar e retirar as instalacións do dominio público, deixando este en perfecto estado. Á finalización da celebración do evento, o contratista estará obrigado a retirar as instalacións, deixando estas en perfecto estado.
- l) O adxudicatario deberá cumplir as condicións fixadas na autorización do Servizo Provincial de Costas e que Ínsula fará chegar ao adxudicatario e este deberá poñer en coñecemento de todos os ocupantes das casetas / postos de artesanía.
- m) **Todo o persoal dos establecementos expendedores de alimentos e bebidas debe dispor de carnet de manipulador. Os establecementos de alimentos e bebidas deben realizar controis microbiolóxicos ao menos unha vez ao mes, tanto de produtos coma de superficies de traballo. O adxudicatario deberá, no prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o seguinte a sinatura do contrato, presentar relación dos postos e arrendatarios, cuxa actividade, esté dentro do sinalado neste apartado, e terá que vir acompañada de copia de toda a documentación, que se contempla neste apartado.** As persoas que manipulen alimentos necesitan cumplir ao menos as seguintes condicións hixiénicas sanitarias:
 - Manter un alto grao de limpeza corporal.
 - Levar o pelo limpo, recollido e cuberto.
 - Lavarse as mans antes de comezar o traballo e despois de cada cambio de actividade.
 - Non portar aneis, pulseiras, reloxos de man, así coma outros obxectos que poidan ocasionar accidentes e sean puntos de acumulación de restos alimentarios.
 - Levar vestimenta de traballo limpia.
 - Non comer nin fumar na zona de preparación de alimentos.

Os manipuladores de alimentos deben dispor dun manual de boas prácticas de hixiene na manipulación e preparación de alimentos que inclúa ao menos as seguintes instruccions:

- a) Non meter os dedos nas comidas, salsas, etc., para a súa degustación.
- b) Non traballar con feridas infecciosas ou contaxiosas na pel.
- c) Evitar a entrada de animais e insectos na área de manipulación de alimentos.
- d) Depositar en contenedores os restos de alimentos de pratos dos usuarios.
-) n) Solicitar á compañía distribuidora de enerxía eléctrica a alta correspondente.
- o) O aboamento dos gastos de auga, luz e demás necesarios para o desenvolvemento dos servizos, así como toda clase de impostos, taxas e prezos que fosen obligatorios.
- p) O adxudicatario respetará sempre o límite do contrato, tanto no que respecta ao servizo público a desenvolver como o espazo a ocupar.
- q) O horario será o comprendido dende ás 12:00 ás 00:00 horas, poidendo ser ampliado en datas coincidentes coas festas patronais da vila ou algunha outra data sinalada, previa aoutización de Ínsula. A estes efectos, o adxudicatario deberá solicitalo cunha antelación mínima de sete días hábiles ante o Presidente de Ínsula.
- : r) O adxudicatario deberá acreditar mediante contrato de aluguer, factura emitida por establecemento de hostalería ou outro documento acreditativo, o aloxamento dos participantes na feira artesanal, que non residan no termo municipal de Sanxenxo, ou noutros municipios limitrofes ou cercanos, todo elo, para evitar posibles incidentes derivados do feito de que artesanos que ocupen as casetas non teñan un lugar óptimo para levar a cabo o seu aseo diario ou descanso.

18.- EXTINCIÓN, RESOLUCIÓN E REVERSIÓN DO CONTRATO: Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 do TRLCSP, acordándose na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 do TRLCSP.

Será causa específica de resolución do contrato o incumplimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta e das sinaladas na cláusula anterior. Neste sentido o levantamento de tres actas por parte do persoal de Ínsula acreditativas de deficiencias e incumplimentos por parte do contratista na prestación correcta dos servizos serán causa específica para a resolución do contrato con carácter culpable do contratista. Para elo Ínsula reservase, en todo

momento e ao longo da duración do contrato, a facultade de inspeccionar os servizos.

Asemade será causa específica de resolución do contrato o atraso do pagamento a partir do prazo máximo de quince (15) días hábiles dende as datas sinaladas neste prego, das cantidades obtidas na fase de negociación, referente non so as cantidades predefinidas do prezo, senón ás porcentaxes resultantes, de acordo á clausula 2 e 11 do presente prego.

19.- PENALIDADES: Imporánse penalidades ao contratista cando incorra en algún incumprimento do contrato, previa incoación de expediente contradictorio e sen prexuízo do estipulado neste prego para a resolución do contrato.

A contía das penalidades irá en función das características dos incumplimentos conforme ao seguinte baremo:

a) Incumplimentos leves :

- Calquera incumplimento non cualificado como grave ou moi grave.

A contía da penalidade a impoñer por cada incumplimento leve será de **MIL (1.000,00) €.**

b) Incumplimentos graves:

- A negativa a someterse ás inspeccións de Ínsula.
- Deixar de prestar o servizo ao público durante dez días consecutivos ou quince alternos, durante cada tempada, salvo que se acrediten razóns xustificadas e por escrito ante Ínsula.
- Producir danos de certa consideración ao dominio público.
- O incumplimento do horario de funcionamento.
- A reiteración de dous incumplimentos leves.
- O non mantemento das instalacións en perfecto estado de limpeza e hixiene, así como a non reposición de materiais deteriorados.
- O atraso do pagamento ata o prazo máximo de un mes dende as datas sinaladas neste prego, do prezo do contrato, da fianza fixados polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

A contía da penalidade a impoñer por cada incumplimento grave será de **DOUS MIL (2.000,00) €.**

c) Incumplimentos moi graves:

- A produción de graves danos ao dominio público.
- Realizar unha actividade distinta á autorizada.
- Desobediencia ao cumprimento de ordenes de Ínsula requirindo o cumprimento de obrigas.

- O incumprimento da normativa laboral e da normativa local.
- A emisión de verteduras de residuos sólidos ou líquidos ao medio natural.
- O atraso do pagamento a partir do prazo máximo de quince (15) días hábiles dende as datas sinaladas neste prego, do prezo do contrato.
- A non formalización dunha póliza de seguro conforme ao sinalado neste prego.
- A reiteración de dous incumplimentos graves, durante a organización e xestión do evento.
- A non presentación da documentación reflectida nos apartados c) d) e m) da cláusula 19 do presente prego.

A contía da penalidade a impoñer por cada incumprimento moi grave será de **CATRO MIL (4.000,00) €.**

20.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN: No se permite a cesión do contrato nin a subcontratación do mesmo.

21.- PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA: **No que se refire a garantía definitiva, o** prazo será de **SEIS (6) MESES** contado dende a data de terminación do contrato, período durante o cal a Ínsula poderá comprobar que o servizo prestouse de conformidade ao estipulado no contrato, nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas e a propia oferta do contratista. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularen reparos ao servizo prestado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poídan observar no executado.

No que respecta á garantía depositada, referente a cantidade non predefinida do prezo do contrato, sinalada no último parágrafo da cláusula 2 do presente prego, esta se devolverá a medida que o adxudicatario transfira ao ente adxudicador todas cantidades referidas na cláusula 2.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades a exercitar sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades as que refírese o art. 100 do TRLCSP.

22.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Independentemente dos que figuren descritos noutras cláusulas deste prego, serán de conta do contratista os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións


necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente, agás o canon do Servizo Provincial de Costas, en concepto da ocupación do espazo de dominio público.

- b) No seu caso, os da formalización pública do contrato de adxudicación.
- c) Os gastos dos anuncios da licitación no BOP, e, se procédese, os gastos do anuncio da formalización do contrato no BOP, ata un máximo de **DOUS MIL (2.000,00) €.**

23.- RESPONSABLE DO CONTRATO: A efectos do disposto no art. 52 do TRLCSP o responsable do contrato será o presidente do Consello de Administración de Ínsula Sanxenxo SL.

Sanxenxo, 20 de xuño de 2016

Presidente do Consello de Administración de Ínsula de Sanxenxo SLU



Gonzalo Gonzalo Pita

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNIS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CON ÍNSULA SANXENXO SL. (incluir no SOBRE "A")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----,
CIF nº -----, a efectos de incorporar á súa
proposta para participar no procedemento de contratación da
**"ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA NA VILA DE
PORTONOVU DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2016"**, DECLARO o
seguinte:

-Que o licitador cumple coas condicións establecidas legalmente para ser
adxudicatario deste contrato con Ínsula Sanxenxo SL e comprométese, no
suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a
documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula
12ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa
mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a
documentación citada na cláusula 12ª do Prego de Cláusulas Administrativas
Particulares en calquera momento anterior á adopción da proposta de
adxudicación, en caso de ser requerido para iso polo órgano de contratación.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO II

MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE B

D -----, DNI nº ----- e endereço en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de incorporar a súa proposta para participar no procedemento de contratación da **"ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA NA VILA DE PORTONOV DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2016"**, comprométese a executala con suxección ao prego de cláusulas administrativas particulares, e a presente oferta que se axusta ao aspecto sobre os que se desenvolverá a negociación, e do que dependerá a adxudicación, fixado na **cláusula 10ª do prego** de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-Prezo: Ofrezo a contratación da da **"ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA NA VILA DE PORTONOV DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2016"** pola seguinte cantidade, que non é inferior á que figura na **cláusula 10ª** do prego **160.000,00 euros (euros sen IVE)**:

_____ (en número e letra) €

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº -----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato da "**ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA NA VILA DE PORTONOVU DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2016**", DECLARO o seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e tan só no suposto de que o licitador acredítase condicións de capacidade mediante a presentación dun certificado acreditativo de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, como licitador proposto para a
adxudicación do contrato da **"ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA NA VILA DE PORTONOVU DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2016"**, DECLARO o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña non experimentaron variación dende a data da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO

MEMORIA TÉCNICA:

“CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS CASETAS A
INSTALAR PARA A ORGANIZACIÓN DA FEIRA
ARTESANAL PORTONOVO 2016”

MEMORIA TÉCNICA

ANÓ:

2016

TÍTULO:

**CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS CASETAS A INSTALAR PARA
A ORGANIZACIÓN DA FEIRA ARTESANAL PORTONOVO-2016.**

SITUACIÓN:


**RÚA RAFAEL PICÓ - (ZONA ANEXA A ZV-23B*) - PORTONOVO -
(SANXENXO).**

ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:

JOSÉ M^a TRONCOSO VIÑAS

DATA:

XUÑO 2016



MEMORIA TÉCNICA

INDICE

- 1. MEMORIA TÉCNICA**
- 2. PLANOS**

MEMORIA TÉCNICA.

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES.
2. OBXECTO DA MEMORIA TÉCNICA.
3. SITUACIÓN DA ZONA DE OCUPACIÓN.
4. SUPERFICIE DE OCUPACIÓN BRUTA DESTINADA Á INSTALACIÓN DAS CASETAS.
5. NÚMERO DE UNIDADES E DIMENSIÓNS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS CASETAS A INSTALAR.
6. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS CASETAS.
7. INSTALACIÓN ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN DAS CASETAS.
8. INSTALACIÓN DAS ACOMETIDAS PARA O ABASTECEMENTO DE AGUA DAS CASETAS.
9. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.
10. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA O CONTRATISTA.
11. DOCUMENTACIÓN A APORTAR POLO CONTRATISTA.

1. ANTECEDENTES.

O Técnico que subscribe redacta a presente Memoria Técnica a petición expresa do Concelleiro de Desenvolvemento Económico, Emprego, Facenda e Comercio.

2. OBXECTO DA MEMORIA TÉCNICA.

É obxecto da presente Memoria establecer as condicións técnicas básicas que deberán cumplir as casetas a instalar para a organización da feira artesanal Portonovo-2016.

3. SITUACIÓN DA ZONA DE OCUPACIÓN.

A zona de ocupación sitúase na rúa Rafael Picó de Portonovo, na zona anexa á beirarrúa lindeira coa zona verde ZV-23B* do vixente PXOM.

4. SUPERFICIE DE OCUPACIÓN BRUTA DESTINADA Á INSTALACIÓN DAS CASETAS.

A superficie de ocupación bruta destinada á instalación das casetas será de **827 m²**.

Os licitadores deberán cumplir estritamente as condicións establecidas para o desenvolvemento de actividades en terreos afectados polo DPMT e reflectidas na autorización sectorial tramitada ao efecto e emitida polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

5. NÚMERO DE UNIDADES E DIMENSIÓNS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS CASETAS A INSTALAR.

O número de casetas a instalar será de 70 unidades.

Distínguense tres tipos de casetas a instalar, coas seguintes dimensións:

TIPO DE CASETA	DIMENSIÓNS (frontalxfondoxaltura)
TIPO-A - Simple	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m.
TIPO-B - Dobre	6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m.
TIPO-C - Esquina	3,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (simple) ou 6,00 m. x 3,00 m. x 2,50 m. (doble)

As casetas de esquina ubicadas nos extremos da feira e/ou nos pasos de acceso aos paseos, aos areais e zonas divisorias segundo a definición de planimetria, serán ata un máximo de 14 casetas formadas por 1 frontal + 1 esquina (TIPO-C).

6. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS QUE DEBERÁN CUMPRIR AS CASETAS.

As características técnicas que deberán cumplir as casetas a instalar serán as seguintes:

- **ESTRUTURA:** A estrutura da caseta será a base de perfilaría de aluminio.
- **CERRAMENTOS:** Os cerramentos da casete serán a base de taboleiro laminado hidrófugo de cor branca.
- **SOLO:** O solo da caseta será a base de taboleiro de material hidrófugo con tratamento antiescorregadizo.
- **SISTEMA DE PECHÉ:** O sistema de peche da caseta será con persiana tipo corredeira.
- **TEITO:** O teito da caseta será a base de lonas de tela e PVC, tipo "jaima".

- TOLDO: As casetas deberán contar con toldo con apertura para a protección do sol e da chuvia.
- **As casetas serán de carácter totalmente desmontable. A tal efecto deberán cumplir as normas e condicións de solidez e seguridade aplicables a este tipo de instalacións.**
- **A instalación do solo das casetas realizarase sobrelevado sobre rastrelos (simulando forxado sanitario) con respecto da zona verde ZV-23B*, quedando a cota final terminada do solo da caseta enrasada coa beirarrúa existente, sen que se xere ningún tipo de chanzo ou obstáculo no encontro entre a beirarrúa existente e o solo da caseta a instalar.**

7. INSTALACIÓN ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN DAS CASETAS.

As casetas a instalar disporán da instalación eléctrica en baixa tensión necesaria para o normal desenvolvemento da actividade prevista.

A tal efecto, o licitador realizará a/s acometida/s eléctrica/s en BT necesarias para dotar de suministración eléctrica a ditas casetas, previa solicitude e tramitación coa compañía distribuidora de enerxía eléctrica.

Instalaranse, na medida do posible, iluminación de baixo consumo tipo LED ou similar, co obxecto de favorecer a eficiencia enerxética das instalacións a realizar.

A totalidade das instalacións de enerxía eléctrica en BT a executar, deberán cumplir o R.D. 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión (REBT) e as súas ITC. A tal efecto, o adjudicatario deberá entregar, unha vez rematadas as instalacións eléctricas, un Certificado asinado por Técnico competente onde se faiga constar que ditas instalacións cumplen o devandito REBT.

8. INSTALACIÓN DAS ACOMETIDAS PARA O ABASTECIMENTO DE AGUA DAS CASETAS.

As casetas a instalar disporán, se fose necesario para o normal desenvolvemento da actividade prevista, da/s correspondente/s acometida/s de auga conectada/s coa rede municipal de abastecemento de auga.

A tal efecto, o licitador realizará a/s solicitude/s e tramitación das mesmas a través empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga, Espina&Delfín, S.L.

Dita/s acometida/s deberán cumplir o establecido no Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento.

9. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.

As casetas a instalar disporán de un extintor de eficacia 21A-113B.

10. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA O CONTRATISTA.

As normas de obrigado cumprimento que deberá ter en conta o contratista serán as seguintes:

- 1) O contratista deberá manter as zonas de ocupación, así como a beirarrúa que dá fronte as casetas a instalar, en perfectas condicións de limpeza, orden e ornato. A tal efecto deberán adoptar a súa conta, as medidas de limpeza, hixiénico-sanitarias e establecer as condicións medio ambientais e estéticas necesarias para a consecución deste fin. Unha vez rematado o período de explotación das casetas deberá proceder, dentro das 24 horas seguintes á data de remate, á limpeza completa e ordenamento

dos espazos públicos utilizados durante a explotación, deixándoos, como mínimo, no mesmo estado que se atopaban antes da instalación das casetas.

- 2) O contratista deberá dotar, a súa conta e durante o período que dura a explotación das casetas, de seguridade privada, durante as horas nocturnas, a zona onde se vai desenvolver a actividade. Dita seguridade levarase a cabo por medio dunha empresa de seguridade acreditada e debidamente homologada.

11. DOCUMENTACIÓN A APORTAR POLO CONTRATISTA.

Previo ao inicio da actividade, o contratista, deberá aportar a seguinte documentación:


- 1) Certificado asinado por Técnico competente onde se faga constar que as instalacións cumplen o REBT.
- 2) Certificado de solidez e seguridade das instalacións das casetas asinado por Técnico competente.
- 3) Copia do contrato de suministro de enerxía eléctrica das casetas instaladas.
- 4) Informe emitido pola empresa concesionaria do Servizo de Municipal de Augas (Espina&Delfín, S.L.) onde se faga constar e se acredite a contratación do suministro de abastecemento de auga e a correcta execución das acometidas, se estas fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- 5) Copia da póliza do seguro de indemnización por riscos profesionais, por valor mínimo de 600.000 €.

Sanxenxo, xuño de 2016

Enxeñeiro Técn. Municipal

Asdo: José María Troncoso Viñas

PLANOS



PLAN ESPECIAL - 1
PUERTO DE PORTONOV



EXCMO. CONCELLO DE SANXENXO

O ENGENHEIRO TÉCNICO
JOSE MARIA TRONCOSO VIÑAS

ESCALA
1/2.000

TÍTULO
Características técnicas das casetas a instalar para a
organización da feira artesanal Portonovo-2016.

FECHA
Xuño-2016

DESIGNACIÓN
Situación P.X.O.M. vixente.

PLANO N°
1



	EXCMO. CONCELLO DE SANXENXO	O ENGENEIRO TÉCNICO JOSE MARÍA TRONCOSO VIÑAS		ESCALA 1/1.000	TÍTULO Características técnicas das casetas a instalar para a organización da feira artesanal Portonovo-2016.	FECHA Xuño-2016	DENOMINACIÓN Ortofoto.	PLANO N.º 2
--	-----------------------------	--	--	-------------------	--	--------------------	---------------------------	----------------




	EXCMO. CONCELLO DE SANXENXO		
TÍTULO	Características técnicas das casetas a instalar para a organización da feira artesanal Portonovo-2016.		
FECHA	JOSE MARIA TRONCOSO VIRAS	ESCALA	S/E
Xuño-2016		PLANO N°	3
DESIGNACIÓN	Planta.		



	EXCMO. CONCELLO DE SANXENXO		
TÍTULO	Características técnicas das casetas a instalar para a organización da feira artesanal Portonovo-2016.		
FECHA	JOSE MARÍA TRONCOSO VIÑAS	ESCALA	1/400
Xuño-2016		DESIGNACIÓN	PLANO N°
		Planta.	3.1



	EXCMO. CONCELLO DE SANXENXO		
TÍTULO		O ENGENHEIRO TÉCNICO	ESCALA
Características técnicas das casetas a instalar para a organización da feira artesanal Portonovo-2016.		JOSE MARIA TRONCOSO VIÑAS	1/400
FECHA	DESIGNACIÓN	PLANO N°	
Xuño-2016	Planta.	3.2	



EXCMO. CONCELLO DE SANXENXO

TÍTULO

Características técnicas das casetas a instalar para a
organización da feira artesanal Portonovo-2016.

O ENXERIGO TÉCNICO

JOSE MARIA TRONCOSO VIÑAS

ESCALA

1/400

FECHA

Xuño-2016

DESIGNACIÓN

Planta.

PLANO N°

3.3